



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO E A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA PARA A ELABORACIÓN DUNHA GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PARA A IDENTIFICACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE MIRADOIROS

Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha parte D^a. Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio, no exercicio das facultades conferidas polos artigos 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos, e en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), de acordo co seu nomeamento polo Decreto 94/2018, do 26 de setembro, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 185, do 27 de setembro de 2018, en relación co establecido no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Doutra parte, D. José Manuel Andrade Calvo, director da Fundación Juana de Vega, segundo nomeamento efectuado por acordo da Xunta de Padroado o 12 de decembro de 2005, que foi elevado a público xunto co outorgamento de poder ante o notario de A Coruña D. Miguel Jurjo Otero o 9 de outubro de 2006, con número de protocolo 2.604, e inscrito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia con data 20 de novembro de 2006. Actúa en nome e representación desta, que está clasificada como de Beneficencia Particular docente por Real Orde do “Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes”, de data 30 de xuño de 1925, inscrita no Rexistro de Fundacións de interese galego da Xunta de Galicia, co nº 58, con CIF G-15050602 e domicilio en Rúa Salvador Allende, nº 92, 15176 San Pedro de Nós – Oleiros.

As partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO O Instituto de Estudos do Territorio (IET), organismo autónomo da Xunta de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude





do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e cuxos estatutos foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, e modificados polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, exerce, entre outras, as seguintes funcións:

A realización de investigacións metodolóxicas, bases de datos e indicadores para o seguimento do desenvolvemento territorial de Galicia, co obxectivo de alcanzar a xestión dinámica das súas paisaxes; A realización de análise e diagnósticos e a formulación de propostas e alternativas para a ordenación e xestión do territorio desde unha perspectiva global de fronte ao desenvolvemento sustentable e a cohesión territorial de Galicia; O impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, a fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados; Así como a posta en marcha de instrumentos para a protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia.

Neste convenio de colaboración queda patente a vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é o da protección, a xestión e a ordenación da paisaxe, en consonancia co artigo 1 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

SEGUNDO A paisaxe é obxecto dunha crecente atención social nas sociedades avanzadas nas que Galicia se vai integrando. En consonancia con esta realidade, a Fundación Juana de Vega realiza desde hai algúns anos, directamente ou en colaboración con outras entidades, diversas actividades neste eido.

A importancia das actividades de formación e investigación relacionadas coa paisaxe, recomendaron que a Fundación agrupase a súa acción específica con obxecto de potenciar e mellorar a súa eficacia. Para iso creouse a Escola Galega da Paisaxe, un órgano interno da Fundación, dotado dun marco estable e formal, con orzamento e medios propios, que lle permiten acadar os seus obxectivos.

A Escola Galega da Paisaxe, constitúese polo tanto como un órgano da Fundación Juana de Vega, que carece de personalidade xurídica propia ao estar integrada na Fundación, encargada da organización, desenvolvemento e xestión das actividades relacionadas coa paisaxe.





A Escola Galega da Paisaxe ten por obxecto promover o estudo, a investigación, a formación, a difusión e o intercambio de coñecemento, e a sensibilización e concienciación da sociedade en materia da paisaxe e en temas con ela relacionados. Na procura dos seus obxectivos, a Escola fomentará a colaboración coas administracións públicas, as universidades, os centros de ensino, as empresas, os medios de comunicación, os colectivos profesionais e a sociedade en xeral.

A Escola Galega da Paisaxe, realiza, entre outras, as seguintes actividades:

- Organizar cursos, congresos, conferencias, seminarios, xornadas, coloquios, foros de debate, etc, sobre diversos temas relacionados coa paisaxe. Especificamente, a Escola Galega da Paisaxe asumiu todas as actividades da Fundación neste ámbito, entre elas, o Máster de Arquitectura da Paisaxe, creado no ano 2006 a través dun convenio coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de A Coruña.
- Organizar exposicións, editar libros, catálogos ou calquera outro tipo de publicación divulgativa.
- Outorgar premios de investigación ou que teñan por obxecto destacar e poñer en valor actuacións na paisaxe realizadas en Galicia, nos que se valorará especialmente o seu favorable impacto social.
- Asesorar, orientar ou facer suxestións a institucións públicas ou privadas, na planificación, xestión e conservación da paisaxe.

TERCEIRO De acordo co Convenio Europeo da Paisaxe (Florença, 2000), e consonte co artigo 3º da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, paisaxe é calquera parte do territorio tal e como a percibe a poboación, cuxo carácter é o resultado da acción e da interacción de factores naturais e humanos; por iso (tal como afirma o artigo 4º da mesma Lei), o concepto de paisaxe engloba todas as partes do territorio, xa sexan naturais, rurais, urbanas ou periurbanas.

O obxectivo principal da Lei 7/2008 e do Convenio Europeo da Paisaxe, que é defender e protexer a paisaxe, nun sentido amplo, como elemento importante da nosa contorna, compoñente do noso patrimonio cultural e sinal de identidade propia, esténdese, xa que logo, ás zonas urbanas e periurbanas, nas que o espazo público exerce o papel de escenario cotiá das actividades humanas. Pero este papel non é exclusivo das contornas máis urbanizadas, xa que nas paisaxes rurais, e mesmo nas naturais, existen espazos públicos, cun carácter propio e diferenciado, pero que teñen en común





cos espazos máis urbanos o seren os eixos fundamentais de comunicación, e por tanto de contacto entre as persoas.

CUARTO Os miradoiros son aqueles puntos de observación do territorio dende os cales se observan vistas panorámicas ou de singular interese ou representatividade e que dispoñen en maior ou menor medida de distintos elementos e infraestruturas como son os acceso, elementos de información, mobiliario, elementos de protección, etc.

A importancia dos miradoiros vén dada polo disfrute da paisaxe pero tamén pola posta en valor dos distintos valores paisaxísticos existentes nos ámbitos nos que se asentan, ben sexan naturais, culturais, estéticos ou incluso económicos. Moitos deles son elementos atraentes para a poboación e en moitos casos chegan a conformar a identidade dos territorios polas imaxes que nos proporcionan.

QUINTO O Instituto de Estudos do territorio e a Fundación Juana de Vega concordan nos seus fins, ao considerar como esenciais o desenvolvemento de políticas da paisaxe e o fomento e a sensibilización da sociedade galega no referente ao valor da paisaxe. Xa no ano 2012 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia asinou o 24 de xaneiro, un Protocolo de colaboración para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa promoción da paisaxe e demais ámbitos materiais vinculados a esta. En desenvolvemento deste protocolo, o 17 de xaneiro de 2013 formalizouse un convenio de colaboración entre a Fundación Juana de Vega e o Instituto de Estudos do Territorio para a coordinación dun traballo sobre tipoloxías dos peches en Galicia, que culminou coa elaboración pola Fundación da guía de integración paisaxística dos peches en Galicia, e o 16 de novembro de 2018 formalizouse un convenio de colaboración entre a Fundación Juana de Vega e o Instituto de Estudos do Territorio para establecer uns criterios básicos de aplicación no deseño, na elección de materiais e nas formas de execución, diferenciando, ademais, entre os diferentes escenarios de paisaxes urbanas, rurais ou naturais, que culminou coa elaboración pola Fundación da guía de intervención nos espazos públicos.

Conforme ao establecido no artigo 14 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, na consideración da importancia ambiental, cultural e social que posúen as nosas paisaxes como sinal de calidade de vida, o IET e Fundación Juana de Vega teñen o interese común e coincidente na paisaxe de Galicia. Manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é o da promoción da paisaxe e a súa importancia, entendendo, en consonancia co artigo 1 da Lei 7/2008, de 7 de xullo,





de protección da paisaxe de Galicia que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende aos campos ambientais, culturais e sociais.

A Escola Galega da Paisaxe conta cun Comité de expertos formado por un mínimo de 7 membros e un máximo de 15, que son nomeados por un período de cinco anos. Isto fai que grazas a este convenio pódase contar cos expertos e especialistas en materia de paisaxe. A Escola Galega da Paisaxe conta tamén cun Grupo de Investigación formado por expertos en Arquitectura da Paisaxe e Paisaxismo.

A Escola Galega da Paisaxe poderá contar coa colaboración doutros técnicos cos coñecementos necesarios para completar o equipo técnico.

SEXTO Os asinantes presentan polo tanto, unha sintonía cos obxectivos do convenio, así como complementariedade dos medios e mecanismos concorrentes para a súa consecución, quedando acreditada a súa representatividade no ámbito obxectivo do convenio.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a colaboración de ambas institucións na elaboración dunha guía de boas prácticas para a identificación e acondicionamento de miradoiros, na que queden reflectidos uns criterios básicos de aplicación na creación de novos miradoiros así como boas prácticas e criterios para a integración paisaxística dos miradoiros ben sexan novos ou para actuacións de mellora dos existentes .

O obxectivo é salientar, de entre as múltiples solucións e exemplos existentes, aquelas que:

- Ofrecen unha mellor adaptación ás características peculiares do territorio de Galicia.
- Cumpren cos requisitos de sostibilidade e preservación do medio.
- Aseguran unha viabilidade técnica e económica, particularmente en canto ás labores de mantemento.

As intervencións obxecto do presente convenio están incluídas dentro da nova planificación da Estratexia da Paisaxe Galega 2017-2020, que dentro do seu plan operativo recolle a *elaboración de Guías de boas prácticas e integración paisaxística* dentro do obxectivo “A elaboración de ferramentas específicas para a xestión da paisaxe”, dando cumprimento así aos criterios obxectivos fixados nesta programación. Lembrar que estas guías ou manuais de boas prácticas configuran unha colección de





carácter técnico sobre temáticas paisaxísticas concretas, seleccionadas a partir das aspiracións e inquedanzas que a cidadanía expresou nos procesos de participación pública para a elaboración do Atlas das paisaxes de Galicia, e que teñen o obxectivo de establecer nocións sobre integración paisaxística en diversos campos de actuación.

SEGUNDA.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS

As actuacións para elaborar a Guía:

- Deben considerar e ser congruentes cos requirimentos normativos vixentes en materia de accesibilidade, seguridade, hixiene, prevención de riscos, etc., e deben respectar as determinacións impostas pola normativa urbanística ou sectorial vixente, en particular as que conteñen as Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral. Así mesmo, deberán tomar en consideración as guías ou manuais que se teñan elaborado por outros departamentos autonómicos, ou outras Administracións públicas, cos que se procurará acadar a máxima compatibilidade.
- Deben referirse aos diferentes elementos que configuran os miradoiros (accesos, pavimentos, mobiliario, elementos de información e de seguridade, vexetación, sinalización, alumado, etc.).
- Deben orientarse a solucións que cumpran na maior medida posible con criterios de sostibilidade, tales como a redución do consumo de materiais, redución da impermeabilización de solos, preferencia por materiais que precisen de menores distancias de transporte e menor incidencia medioambiental, non utilización de materiais susceptibles de xerar efectos contaminantes ou prexudiciais para as persoas ou para o medio, técnicas construtivas de baixo consumo de auga e materiais, solucións de axardinamento e plantación de baixo consumo e fácil mantemento, redución do consumo enerxético, reutilización de augas pluviais, redución na xeración de residuos, prioridade do tránsito peonil e non motorizado sobre o motorizado, prioridade do transporte colectivo fronte ao vehículo individual, etc.
- Deben identificar as solucións máis adaptadas, en canto aos materiais e/ou as técnicas construtivas, ás peculiaridades de cada área ou tipo de paisaxe de Galicia.
- Deben ofrecer unha proposta de solucións, ou conxuntos de solucións, susceptibles de seren consideradas e aplicadas como imaxe de marca de paisaxes de calidade. Neste sentido, os criterios que se definan na Guía poderanse incorporar aos pregos de prescricións particulares que empregue a Administración para a realización de actuacións nos miradoiros.





TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS PARTES

As actuacións deberán levarse a cabo segundo o definido nos anexos e de modo conxunto polo Grupo de Investigación da Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega e polo equipo técnico do Instituto de Estudos do Territorio. A Escola Galega da Paisaxe designará un experto que levará a cabo a coordinación. O Instituto de Estudos do Territorio designará un técnico que se encargará da dirección.

O Instituto de Estudos do Territorio, asume os seguintes compromisos:

- a) Exercer a dirección das actuacións e estudos obxecto deste convenio, a cuxo efecto designará un/a técnico/a, que será o interlocutor entre o IET e a Fundación Juana de Vega.
 - b) Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso. En concreto: Aportarase a información xeográfica de referencia de base adaptada ao proxecto; editarase a información recollida; integraranse as bases de datos; crearanse servizos web de mapas etc.
- Esta información xeográfica so poderá ser empregada pola Fundación Juana de Vega no desenvolvemento deste convenio.
- c) Compensar á Fundación Juana de Vega por unha parte dos gastos nos que incorra na execución deste convenio.
 - d) Propoñer no relativo á representación gráfica e tratamento da información, os criterios a ter en conta na súa elaboración.
 - e) Compromiso de poñer a disposición da Administración os criterios que se definan na Guía para a elaboración dos pregos de prescricións particulares para a contratación de servizos e/ou obras de urbanización de espazos públicos.
 - f) Así mesmo establecerá os criterios de selección da información a representar cando sexa necesario polo volume da información recollida.
 - g) Levar a cabo a tramitación administrativa necesaria.

A Fundación Juana de Vega asume os seguintes compromisos:

- a) Cumprir cos obxectivos, executar as accións e realizar as actividades contempladas no Anexo I para a elaboración da Guía de boas prácticas para a identificación e acondicionamento de miradoiros. En concreto:





- Recompilación informativa e estudos dos miradoiros de Galicia e doutros ámbitos de interese,
- Redacción da documentación escrita,
- Xeración da documentación fotográfica xeorreferenciada,
- Xeración da información gráfica e xeográfica necesaria,
- Contidos da guía de boas prácticas de identificación e intervención en miradoiros,
- Impresión final de 100 exemplares das guías.

b) Presentar un programa detallado do seu desenvolvemento

c) Asistir ás reunións de información sobre aspectos xerais ou particulares, coa periodicidade que se estime necesaria para o bo seguimento dos mesmos.

d) Colaborar no desenvolvemento do convenio aportando 5.000 euros para sufragar os custos de maquetación e impresión dos exemplares sinalados do traballo final.

e) Achegar a documentación xustificativa da execución nos termos establecidos na cláusula quinta.

Con anterioridade á sinatura do convenio será requisito indispensable que se encontre ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado, o cal se acreditou coa oportuna remisión das certificacións polo órgano competente da entidade.

Así mesmo, acreditou que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

CUARTA. FINANCIAMENTO

O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de 46.000 dentro dos que se atopan os 16.000,00 € nos que se valoran os traballos a realizar polas partes convenientes, de conformidade co previsto no anexo II, así como 30.000,00 €, IVE incluído, que serán sufragados coas seguintes achegas:

O Instituto de Estudos do Territorio, co fin de facilitar a execución conxunta das accións, compensará á Fundación Juana de Vega, ata un máximo de 25.000 €, IVE incluído (vintecinco mil euros IVE incluído) por unha parte dos gastos nos que incorra.

Estes gastos financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 07 81 541E 640 1 (código de proxecto 2014 00003).

No ano 2020.....10.000 €, IVE incluído

No ano 2021.....15.000 €, IVE incluído





Estas cantidades faranse efectivas, logo da presentación da correspondente documentación xustificativa das actuacións acometidas pola Fundación Juana de Vega, de conformidade co previsto no Anexo IV, e nos termos establecidos na cláusula seguinte.

O Instituto de Estudos do Territorio (IET) levará a cabo actuacións como subministrar e facilitar a información dispoñible necesaria:

- Achega da información xeográfica de referencia de base adaptada ao proxecto.
- Edición da información recollida.
- Integración de bases de datos: Guía de valados, Plan Básico Autonómico, Plan de Ordenación do Litoral, Plans Xerais de Ordenación Municipais.
- Simbolización adaptada ao proxecto.
- Creación de servizos web de mapas.
- Estudos e análise da información xeográfica e análise estatístico a partires da información xeográfica adaptada a tal fin.
- Xeración de cartografías temáticas.
- Apoio e asesoramento técnico así como a dirección.

Estas actuacións son equivalentes a 12.000 € de conformidade co desglose recollido no Anexo III

Por outra parte, a Fundación Juana de Vega colaborará coa cantidade restante de 5.000 euros coa que se sufragarán os custos de maquetación e impresión dos exemplares fixados na cláusula terceira do traballo final.

Igualmente aportará ao remate do convenio, no exercicio 2021, os anexos fotográficos, a cartografía, a información xeográfica e os exemplos a nivel de propostas, traballos equivalentes tamén á cantidade de 4.000 €.

QUINTA.- ORZAMENTO, XUSTIFICACIÓN E RÉXIME DE PAGAMENTOS

O orzamento deste convenio está desglosado no Anexo II.

Para a compensación, por parte do Instituto de Estudos do Territorio e aboamento de parte dos gastos nos que incorra a Fundación Juana de Vega (2020: 10.000,00 € e 2021: 15.000,00; total: 25.000,00), esta deberá achegar a documentación xustificativa da execución do seguinte xeito:

- a) Forma: a través do Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
- b) Prazo de presentación e contido, segundo as anualidades previstas:





- Exercicio 2020: con data límite o 30 de novembro de 2020. Abranguerá gastos xerados dende a data de entrada en vigor do convenio e ata esta data límite.

- Exercicio 2021: con data límite o 30 de outubro de 2021. Abranguerá gastos xerados dende o 1 de decembro de 2020 e ata esta data límite.

c) Relación de documentación, respecto de cada unha das anualidades:

1. Certificado asinado pola Directora da Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega no que conste que por parte da Fundación se realizou a totalidade das actividades e se cumpriron todas as obrigas derivadas do convenio.
2. Informe pormenorizado de todas as actuacións e gastos que orixine a execución. Incluirase cadro-relación de gastos con indicación de cada un dos conceptos e datos identificativos, mes a que se refiran, correspondentes importes, porcentaxe de imputación e importe global, así como calquera outra que proceda. No caso dos que, de acordo co prazo de execución ou do tempo de dedicación, só deban imputarse en parte, mais a documentación xustificativa indicada no punto 3 abraza período máis amplo ou maior tempo de actividade, deberán figurar debidamente identificados e calculados segundo a imputación parcial que corresponda.
3. Xustificantes dos gastos derivados:
 - Nóminas, documentos relativos ás cotizacións en materia de Seguridade Social e declaracións tributarias e xustificantes das transferencias dos respectivos pagamentos.
 - Contratos celebrados, facturas, documentos relativos a declaracións tributarias e xustificantes das transferencias dos respectivos pagamentos.
 - Así mesmo, calquera outro que proceda e, se é o caso, xustificación de exención tributaria.
4. Documentación técnica-traballo desenvolto en formato editable Libre Office ou similar e imaxes en formato .jpg, .jpeg, .tiff, .png ou .bmp.

Os pagamentos efectuaranse segundo o seguinte:

1º. Tras a presentación da documentación correspondente á execución da anualidade 2020.

2ª. Despois da achega da relativa á execución da anualidade 2021.

Isto, tras a revisión desta e a conformidade por parte dos servizos técnicos do Instituto de Estudos do Territorio que, así mesmo, comprobará que a Fundación se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os ditos pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No caso de que a





xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica do IET diminuírase proporcionalmente.

Se da liquidación resultase que o importe das actuacións executadas por algunha das partes fose inferior aos fondos que a mesma recibise do resto de partes do convenio para financiar a devandita execución, aquela deberá reintegrar a estas o exceso que corresponda a cada unha, no prazo máximo dun mes desde que se aprobou a liquidación, de conformidade co previsto no artigo 52 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Ademais do indicado, a Fundación Juana de Vega deberá entregar 100 exemplares do documento final maquetado con data límite do 22 de decembro de 2021.

Establécese igualmente a obriga de facilitar a información que sexa requirida polo IET en relación coa xustificación do Convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das cantidades.

SEXTA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual dos traballos resultantes será compartida polas partes asinantes deste convenio, salvo renuncia expresa dalgunha das partes, os cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios.

SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia ata o 31/12/2021, salvo a prórroga por acordo mutuo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade nel establecida, sen que en ningún caso poda exceder dos catro anos.

OITAVA. PUBLICIDADE

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).





NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión mixta de seguimento. A dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirse a petición dunha das partes. En caso de discrepancia, e en última instancia, resolverán os órganos xurisdicionais competentes.

Composición:

A comisión estará composta por un membro de cada unha das entidades asinantes, actuando como presidente o representante do IET.

Funcións:

Esta comisión mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- b) Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- c) Seguimento das actividades contempladas no presente convenio
- d) Liquidación do convenio se fose o caso.

Operatividade:

A comisión mixta de seguimento reunirse con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime necesario convocar.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) Por acordo mutuo das persoas asinantes.
- b) Si se producen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.
- c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.





UNDÉCIMA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DUODÉCIMA - PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal (en adiante LOPD), do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO TERCEIRA.- XURISDICIÓN E NORMATIVA APLICABLE

O presente convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, polo que queda fora do seu ámbito de aplicación. Non obstante, de conformidade co disposto expresamente no artigo 4, seranlle de aplicación os principios da norma anteriormente referenciada para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran presentarse para o seu efectivo cumprimento.





Este convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e de xeito supletorio, polas normas xerais do dereito administrativo.

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº82, do 30 de abril), e demais normativa de aplicación.

DÉCIMO CUARTA.- RELACIÓNS LABORAIS

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio.

En proba de conformidade asinan dixitalmente o presente convenio, no lugar ao comezo citado.

D^a. Ángeles Vázquez Mejuto

D. José Manuel Andrade Calvo

Presidenta do Instituto de Estudos do
Territorio

Director da Fundación Juana de Vega





ANEXO I. ACCIÓNS E CONTIDO

As accións necesarias para elaboración da guía de boas prácticas en miradoiros serán as seguintes:

1. Recompilación informativa e estudos (JdV).

Recompilación bibliográfica, cartográfica e documental, incluído as webs de interese, e os traballos de campo necesarios

2. Documentación escrita (JdV).

A Guía elaborase en formato A-4 ou dobrada para A-4, encadernada e con todas as páxinas numeradas. Elaborase a maqueta final para edición, xunto coas imaxes na resolución óptima para a súa posterior edición. Todos os documentos integrantes da Guía redactaranse en idioma galego e respectará a normativa sobre identidade corporativa da Xunta de Galicia.

A totalidade da documentación farase en soporte dixital, a través dos ficheiros compatibles cos dispoñibles no Instituto de Estudos do Territorio sinalados na cláusula quinta. En todo caso, na súa última versión, ademais da entrega dos 100 exemplares en papel, o conxunto do documento final será en formato de texto editable, perfectamente ordenado, de forma que se posibilite a súa publicación directamente na web. A cartografía, ademais dos formatos impostos por cada programa informático, deberán ser tamén en "shape file", así como todos os seus meta datos para favorecer o seu rápido tratamento na citada páxina web.

Igualmente, todos os textos faranse en soporte magnético nun formato que permita a súa copia, modificación ou eliminación, indicando o nome do formato e a súa versión. Se con eles se introducen follas de cálculo, debuxos ou figuras, as mesmas deben estar deseñadas en formato que permita a súa copia, modificación ou eliminación.

3. Documentación fotográfica xeorreferenciada (JdV). As fotografías realizadas ao longo do traballo de campo deberanse presentar en soporte dixital en formato JPEG con resolución non inferior a 300 pp. asociadas a unha ficha en formato base de datos na que constarán a descrición e aquelas outras observacións que se consideren relevantes.

As imaxes deberán recoller, cando menos: vistas panorámicas xerais idóneas para a análise e diagnose paisaxística e outras de detalle.





4. Cartografía (IET). Toda a cartografía que se estime necesaria será xerada, coa colaboración dos equipos técnicos do Instituto de Estudos do Territorio e entregárase integrada nun proxecto SIX. Como mínimo, os datos serán en formato "ESRI Shapefile", debidamente estruturado, compatible e integrable nos sistemas da Xunta de Galicia. O sistema de referencia empregado será o ETRS89 e a proxección cartográfica UTM no fuso 29. A toma de datos utilizados na cartografía basearase exclusivamente en vértices REXENTE da Rede Xeodésica Nacional ou na Rede VRS de Galicia (GALNET).

A precisión dos puntos na cartografía variará en función das necesidades do obxecto a representar, non sendo o erro nunca superior a 5 m. No que se refire aos puntos tomados con GPS a precisión deberá estar entre 1 e 3 m.

5. Contido da guía de boas prácticas para a identificación e acondicionamento de miradoiros

O contido mínimo que deberá abordar esta guía será segundo o seguinte esquema:

- **Introdución**
 - Concepto e valor dos miradoiros
 - Encaixe coa Estratexia da paisaxe galega, o Catálogo das paisaxes e outras guías ou recursos da Xunta de Galicia (fundamentalmente a CMATV e Turismo)
 - Explicación do contido da guía
- **Identificación e criterios de miradoiros**
 - Criterios sobre os tipos de valores panorámicos que poden dar lugar á identificación dun novo miradoiro
 - Criterios para a selección do lugar óptimo que conxugue a calidade das vistas e as mellores condicións para uns accesos e un acondicionamento integrados e respectuosos
- **Criterios e boas prácticas**
 - Organizados nos aspectos seguintes: accesos, sinalizacións, acondicionamento dos puntos do miradoiros, elementos de información, elementos de seguridade, mobiliario, aparcamentos, xestión residuos, elementos de prevención das vistas e prevención da contaminación luminosa





- Para cada caso se ofrecerán criterios ou recomendacións para a integración paisaxística, o mantemento e sostibilidade acompañados cando sexa necesario de exemplos de boas prácticas, documentados mediante a información gráfica correspondente (mapas, planos, gráficos, fotografías)
- Cando sexa procedente para a xustificación ou a claridade da proposta, poderán expoñeranse exemplos de malas solucións de deseño, ou problemas derivados do mantemento, ou calquera outra cuestión que, por resultar contraria aos criterios que expresa a guía, poda servir de explicación das eivas que esta pretende evitar ou corrixir





ANEXO II. ORZAMENTO

Accións Ano 2020	Orzamento	Valoración dos Traballo
Recompilación de información e estudos	5.000,00 (IET)	
Identificación e caracterización da tipoloxía de miradoiros.	5.000,00 (IET)	
Análise da súa relación coa paisaxe.		
Xeración de cartografías temáticas		1.500,00 (IET)
Simbolización adaptada ao proxecto		1.000,00 (IET)
Aportación da información xeográfica de referencia de base adaptada ao proxecto		1.000,00 (IET)
Creación de servizos web de mapas;		1.500,00 (IET)
Apoio e asesoramento técnico; dirección		2.000,00 (IET)
Total ano 2020	10.000,00	7.000,00
Accións Ano 2021	Orzamento	Valoración dos Traballo
Análise de tipoloxías de miradoiros		2.000,00 (JdV)
Medidas e criterios de integración das actuacións nos miradoiros	7.000,00 (IET)	
Modelos e propostas.	8.000,00 (IET)	
Anexos fotográficos, cartografía, información xeográfica e montaxes		2.000,00 (JdV)
Edición da información recollida.		1.000,00 (IET)
Integración de bases de datos: Guía de valados, Plan Básico Autonómico, Plan de Ordenación do Litoral, Plans Xerais de Ordenación Municipais		1.000,00 (IET)
Estudos e análise da información xeográfica e análise estatístico a partires da información xeográfica adaptada a tal fin		1.000,00 (IET)
Apoio e asesoramento técnico; dirección		2.000,00 (IET)
Maquetación e impresión de 100 exemplares do traballo final	5.000 (JdV)	
Total ano 2021	20.000,00	9.000,00
TOTAL CONVENIO	30.000,00 € IVE incluído	16.000,00 €





ANEXO III

DESGLOSE DA VALORACIÓN DOS TRABALLOS DO IET

Accións Ano 2020	Persoal	Orzamento	GM/GX
Xeración de cartografías temáticas	Laboral Gr. II cat 7	1.460,55	
Simbolización adaptada ao proxecto	Laboral Gr. II cat 7	988,68	
Aportación da información xeográfica de referencia de base adaptada ao proxecto	Laboral Gr. III cat 6	984,50	
Creación de servizos web de mapas	Laboral Gr. I cat 4	1.490,55	
Apoio e asesoramento técnico; dirección	Funcionario A1 n. 28	1.496,00	
	Funcionario A1 n 30	474,98	
Total ano 2020		6.895,26 €	104,74 €
Accións Ano 2021	Persoal	Coste	GM/GX
Edición da información recollida.	Laboral Gr. III cat 6	984,50	
Integración de bases de datos	Laboral Gr. II cat 7	943,74	
Estudos e análise da información xeográfica e análise estatístico	Laboral Gr. II cat 7	943,74	
Apoio e asesoramento técnico; dirección	Funcionario A1 n. 28	1.496,00	
	Funcionario A1 n 30	474,98	
Total ano 2021	20.000,00	4.842,96 €	157,04 €
TOTAL		11.738,22 €	261,78 €

Coste/hora según últimas tarifas aprobadas 2019

Gastos de material/Gastos xerais





ANEXO IV
PROXECTO DAS ACTUACIÓNS E DESGLOSE DA VALORACIÓN DOS TRABALLOS DA FUNDACIÓN
JUANA DE VEGA

Accións ano 2020

- Recompilación de información e estudos
 - Contexto, obxectivos e estrutura da guía
 - Estado da arte e normativa aplicable
 - Metodoloxía de identificación e clasificación de miradoiros
 - Identificación de casos de estudo
- Identificación e caracterización da tipoloxía de miradoiros
- Análise da súa relación coa paisaxe
 - Caracterización das tipoloxías de miradoiros
 - Toma de datos en campo dos miradoiros de referencia
 - Análise da relación dos miradoiros coa paisaxe

Accións ano 2021

- Análise de tipoloxías de miradoiros
 - Análise de casos de estudo
- Medidas e criterios de integración das actuacións nos miradoiros
 - Redacción de modelos e propostas de intervención nos miradoiros
 - Realización da documentación gráfica complementaria
- Modelos e propostas
 - Redacción de modelos e propostas de intervención nos miradoiros
 - Realización da documentación gráfica
- Anexos fotográficos, cartografía, información xeográfica e montaxes
 - Selección e organización dos anexos fotográficos
 - Elaboración da cartografía e información xeográfica
 - Realización de montaxes
- Maquetación e impresión de 100 exemplares do traballo final
 - Deseño e maquetación da guía
 - Impresión 100 exemplares





Accións Ano 2020	Orzamento
Recompilación de información e estudos:	
Honorarios do Grupo de Investigación da Escola Galega da Paisaxe	3.500,00
Coordinación do persoal técnico da Fundación Juana de Vega	750,00
Custo de persoal da Fundación Juana de Vega	750,00
Identificación e caracterización da tipoloxía de miradoiros.	
Análise da súa relación coa paisaxe	
Honorarios do Grupo de Investigación da Escola Galega da Paisaxe	3.500,00
Coordinación do persoal técnico da Fundación Juana de Vega	750
Custo de persoal da Fundación Juana de Vega	750
Total ano 2020	10.000,00 €
Accións Ano 2021	Persoal
Medidas e criterios de integración das actuacións nos miradoiros	
Honorarios do Grupo de Investigación da Escola Galega da Paisaxe	4.000,00
Coordinación do persoal técnico da Fundación Juana de Vega	1.000,00
Custo de persoal da Fundación Juana de Vega	2.000,00
Modelos e Propostas	
Honorarios do Grupo de Investigación da Escola Galega da Paisaxe	5.000,00
Coordinación do persoal técnico da Fundación Juana de Vega	1.000,00
Custo de persoal da Fundación Juana de Vega	2.000,00
Total ano 2021	15.000,00 €
TOTAL	25.000,00 €

